

SURREALISMO E CINEMA EXPERIMENTAL EUGENIO GRANELL

SEMINARIO

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

31 outubro 2012

O seminario *Surrealismo e cinema experimental* desenvólvese arredor da mostra *Eugenio Granell e o cine: unha película de vinte minutos*, que se centra na produción fílmica do artista e completa un percorrido expositivo trazado na cidade de Santiago de Compostela con motivo do centenario do seu nacemento, ofrecendo unha visión poliédrica dun dos creadores e intelectuais máis completos da escena plástica da segunda metade do século vinte.

Son moitos os pintores que, como Granell, mantiveron unha estreita relación co celuloide, sobre todo no ámbito experimental, tanto é así que a maioría dos innovadores das vangardas históricas procedían do campo da pintura: Man Ray, Viking Eggeling, Walter Ruttmann, Marcel Duchamp, Fernand Léger, Jean Cocteau..., case todos pertencentes aos movementos dadaísta e surrealista.

Non é de estrañar que un creador, cuxa traxectoria vital influíu tan directamente na súa produción, se sinta atraído e engaiolado pola imaxe. Sen dúbida o contorno, non só entendido como o conxunto dos lugares que habitamos, senón tamén como unha situación *global* que supón unha época de grandes fracturas no ámbito do pensamento e da creación, favorece a disolución dos límites interdisciplinares.

As fontes para entender o traballo cinematográfico de Granell atopámolas nuns escritos que paulatinamente estudan referentes e contextos en relación inevitable con outras propostas do artista, especialmente coa pintura e a literatura. Neste sentido, os textos xornalísticos e de investigación documentados xa nos anos corenta, deixan patente o interese de Granell pola indagación no campo do cinema e constitúen un compendio de pensamento relacionado directamente co xerme da creación do seu traballo fílmico.

Este seminario explora o terreo do cinema experimental e surrealista, tomando a produción granelliana como pretexto para analizar o contexto galego, español e internacional a partir da aparición dos devanditos materiais.

Eduardo Valiña

PROGRAMA

- 16:30 h Alberte Pagán. *Arqueoloxías cinematográficas*
- 17:15 h Fernando Castro Flórez. *Granell: escritor insular, anfitrión surreal*
- 18:00 h Descanso
- 18:15 h Perfecto Cuadrado Fernández. *You Are Welcome to Elsinore*
- 19:00 h Mesa redonda con Fernando Castro Flórez, Perfecto Cuadrado Fernández e Alberte Pagán. Moderada por Miguel von Hafe Pérez



Praxinoscopio pertencente á colección particular de Eugenio Granell, s. d.

El seminario *Surrealismo y cine experimental* se desarrolla en torno a la muestra *Eugenio Granell y el cine: una película de veinte minutos*, que se centra en la producción fílmica del artista y completa un recorrido expositivo trazado en la ciudad de Santiago de Compostela con motivo del centenario de su nacimiento, ofreciendo una visión poliédrica de uno de los creadores e intelectuales más completos de la escena plástica de la segunda mitad del siglo veinte.

Son muchos los pintores que, como Granell, han mantenido una estrecha relación con el celuloide, sobre todo en el ámbito experimental, tanto es así que la mayoría de los innovadores de las vanguardias históricas procedían del campo de la pintura: Man Ray, Viking Eggeling, Walter Ruttmann, Marcel Duchamp, Fernand Léger, Jean Cocteau..., casi todos pertenecientes a los movimientos dadaísta y surrealista.

No es de estrañar que un creador, cuya trayectoria vital influíu tan directamente en su producción, se sienta atraído y fascinado por la imagen. Sin duda el entorno, no solo entendido como el conjunto de los lugares que habitamos, sino también como una situación *global* que supone una época de grandes fracturas en el ámbito del pensamiento y la creación, favorece la disolución de los límites interdisciplinares.

Las fuentes para entender el trabajo cinematográfico de Granell las encontramos en unos escritos que paulatinamente estudian referentes y contextos en relación inevitable con otras propuestas del artista, especialmente con la pintura y la literatura. En este sentido, los textos periodísticos y de investigación documentados ya en los años cuarenta, dejan patente el interés de Granell por la indagación en el campo del cine y constituyen un compendio de pensamiento relacionado directamente con el germen de la creación de su trabajo fílmico.

Este seminario explora el terreno del cine experimental y surrealista, tomando la producción granelliana como pretexto para analizar el contexto gallego, español e internacional a partir de la aparición de dichos materiales.

Eduardo Valiña

PROGRAMA

- 16:30 h Alberte Pagán. *Arqueoloxías cinematográficas*
- 17:15 h Fernando Castro Flórez. *Granell: escritor insular, anfitrión surreal*
- 18:00 h Descanso
- 18:15 h Perfecto Cuadrado Fernández. *You Are Welcome to Elsinore*
- 19:00 h Mesa redonda con Fernando Castro Flórez, Perfecto Cuadrado Fernández y Alberte Pagán. Moderada por Miguel von Hafe Pérez

PERFECTO CUADRADO FERNÁNDEZ. Investigador, crítico e tradutor. É catedrático de Filoloxía Galega e Portuguesa na Universidade das Illas Baleares e coordinador do Centro de Estudos do Surrealismo da Fundação Cupertino de Miranda. Entre as súas obras destacan *Modernidad y vanguardia en la poesía portuguesa contemporánea: perspectiva histórica del surrealismo portugués* (tese de doutoramento), *Fernando Pessoa: máscaras y paradojas*, *You Are Welcome to Elsinore: antología da poesía surrealista portuguesa* (segunda edición titulada *A única real tradição viva*), *Poesia portuguesa do século XVIII: estudo e antologia* ou *Mário Cesariny*. Foi comisario e editor dos catálogos de diversas exposicións, entre outras, *Surrealismo em Portugal 1934-1952* (con María Jesús Ávila) e *Cartografía surrealista: território Eugenio Granell* (con António Gonçalves).

ALBERTE PAGÁN. Escritor e cineasta. Ten publicado libros sobre o cinema de Granell e o de Andy Warhol, e sobre *Finnegans Wake*, a derradeira novela de James Joyce, da que traduciu ao galego os dous primeiros capítulos. Como cineasta, as súas películas foron premiadas no Festival Play-Doc e no Premio de Cine-Ensaio Roman Gubern. Foi comisario, ademais, de diversas exposicións sobre cinema experimental e é autor do libro *Introducción aos clásicos do cinema experimental, 1945-1990*, publicado polo CGAC, en colaboración co Centro Galego de Artes da Imaxe, en 1999.

FERNANDO CASTRO FLÓREZ. Profesor titular de Estética e Teoría das Artes na Universidade Autónoma de Madrid. Escribiu crítica literaria e de arte en diversos periódicos. É director da revista *Cuadernos del IVAM* e columnista de *Descubrir el arte*. Foi comisario de máis dun cento de exposicións como a Trienal de Chile, a Bienal de Curitiba, o Pavillón de Chile na Bienal de Venecia (2011) ou a Bienal de Cuenca (Ecuador). Publicou monografías sobre artistas como Nacho Criado, Pablo Palazuelo, Imi Knoebel, Andy Warhol, Eugenio Fernández Granell, etc. Entre as súas obras destacan *Elogio de la pereza: notas para una estética del cansancio*, *El texto íntimo: Kafka, Rilke, Pessoa, Escaramuzas: el arte en el tiempo de la demolición*, *Una "verdad" pública: consideraciones críticas sobre el arte contemporáneo*, *Fasten Seat Belt. Cuaderno de campo de un crítico de arte*, *Pablo Picasso: el rey de los burdeles* e *Joan Miró: el asesino de la pintura*.

PERFECTO CUADRADO FERNÁNDEZ. Investigador, crítico y traductor. Es catedrático de Filología Gallega y Portuguesa en la Universidad de las Islas Baleares y coordinador del Centro de Estudios del Surrealismo de la Fundación Cupertino de Miranda. Entre sus obras destacan *Modernidad y vanguardia en la poesía portuguesa contemporánea: perspectiva histórica del surrealismo portugués* (tesis doctoral), *Fernando Pessoa: máscaras y paradojas*, *You Are Welcome to Elsinore: antología da poesía surrealista portuguesa* (segunda edición titulada *A única real tradição viva*), *Poesia portuguesa do século XVIII: estudo e antologia* ou *Mário Cesariny*. Comisarió y editó los catálogos de diversas exposiciones, entre otras, *Surrealismo em Portugal 1934-1952* (con María Jesús Ávila) y *Cartografía surrealista: território Eugenio Granell* (con António Gonçalves).

ALBERTE PAGÁN. Escritor y cineasta. Ha publicado libros sobre el cine de Granell y el de Andy Warhol, y sobre *Finnegans Wake*, la última novela de James Joyce, de la que tradujo al gallego los dos primeros capítulos. Como cineasta, sus películas fueron premiadas en el Festival Play-Doc y en el Premio de Cine-Ensayo Roman Gubern. Comisarió además diversas exposiciones sobre cine experimental y es autor del libro *Introducción a los clásicos del cine experimental, 1945-1990*, publicado por el CGAC, en colaboración con el Centro Galego de Artes da Imaxe, en 1999.

FERNANDO CASTRO FLÓREZ. Profesor titular de Estética y Teoría de las Artes en la Universidad Autónoma de Madrid. Ha escrito crítica literaria y de arte en diversos periódicos. Es director de la revista *Cuadernos del IVAM* y columnista de *Descubrir el arte*. Ha comisariado más de un centenar de exposiciones como la Trienal de Chile, la Bienal de Curitiba, el Pabellón de Chile en la Bienal de Venecia (2011) o la Bienal de Cuenca (Ecuador). Publicó monografías sobre artistas como Nacho Criado, Pablo Palazuelo, Imi Knoebel, Andy Warhol, Eugenio Fernández Granell, etc. Entre sus obras destacan *Elogio de la pereza: notas para una estética del cansancio*, *El texto íntimo: Kafka, Rilke, Pessoa, Escaramuzas: el arte en el tiempo de la demolición*, *Una "verdad" pública: consideraciones críticas sobre el arte contemporáneo*, *Fasten Seat Belt. Cuaderno de campo de un crítico de arte*, *Pablo Picasso: el rey de los burdeles* y *Joan Miró: el asesino de la pintura*.

DIRECCIÓN: Eduardo Valiña
COORDINACIÓN: Gema Baños

DESTINATARIOS: Estudiantes e profesionais dos ámbitos da creación artística, a historia da arte e as belas artes, e persoas interesadas na figura de Eugenio Granell, no cinema experimental e no surrealismo.

PAZAS: Até completar capacidade.

INSCRIPCIÓN: As solicitudes para asistir ao seminario pódense presentar na recepción do CGAC, chamando aos teléfonos do Servizo de Actividades e Proxectos Educativos ou ben a través do correo electrónico cgac.pedagogia@xunta.es, indicando os seguintes datos: nome, enderezo postal e electrónico, teléfono de contacto e ámbito de estudo ou traballo.

MATRÍCULA GRATUÍTA

CGAC

SERVIZO DE ACTIVIDADES E PROXECTOS EDUCATIVOS

Rúa Ramón del Valle Inclán s/n, 15704 Santiago de Compostela

Tel.: 981 546 631/23 / cgac.pedagogia@xunta.es / www.cgac.org

DIRECCIÓN: Eduardo Valiña
COORDINACIÓN: Gema Baños

DESTINATARIOS: Estudiantes y profesionales de los ámbitos de la creación artística, la historia del arte y las bellas artes, y personas interesadas en la figura de Eugenio Granell, en el cine experimental y en el surrealismo.

PLAZAS: Hasta completar aforo.

INSCRIPCIÓN: Las solicitudes para asistir al seminario se pueden presentar en la recepción del CGAC, llamando a los teléfonos del Servicio de Actividades y Proyectos Educativos o bien a través del correo electrónico cgac.pedagogia@xunta.es, indicando los siguientes datos: nombre, dirección postal y electrónica, teléfono de contacto y ámbito de estudio o trabajo.

MATRÍCULA GRATUITA

galicia



XUNTA
DE GALICIA